

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FRADES

Delegación de competencias na Xunta de Goberno Local

ANUNCIO RELATIVO DELEGACIÓN DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Polo presente, en cumprimento do disposto nos art. 44, 46 e 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, faise público que con data 30 de maio de 2024, por acordo do Pleno, se aprobou a seguinte delegación de competencias na Xunta de Goberno Local:

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias que lle corresponden ao pleno como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, ou os de duración inferior cando o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada de seis millóns de euros.

Segundo: Delegar na Xunta de Goberno Local as competencias que lle corresponden ao pleno para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ou o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor supere a porcentaxe ou a contía indicados. Quedan exceptuadas as concesión de bens ou servizos por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por cento dos recursos ordinarios do orzamento.

Terceiro: Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para a aprobación dos proxectos de obra e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos no orzamento.

Cuarto: Delegar na Xunta de Goberno Local a competencia para exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria, a declaración de lesividade dos actos do Concello e a concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento (salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior) todo iso de conformidade co disposto na Lei reguladora das Facendas Locais.

Quinto: Que as delegacións anteriores se suxeiten ao seguinte réxime xurídico:

a) Os órganos delegados no exercicio das atribucións delegadas será o competente para a resolución dos recurso de reposición e extraordinarios de revisión que se presentaren contra os actos administrativos ditados no exercicio de facultades delegadas.

b) Os acordos que adopte a Xunta de Goberno Local en exercicio destas facultades delegadas indicará esta circunstancia.

c) Os asuntos que deban ser sometidos á Xunta de Goberno no exercicio destas atribucións delegadas deberán ser previamente ditaminados pola Comisión Informativa correspondente no caso de estar creada, salvo os que sexan declarados urxentes, neste último caso darase conta á comisión do acordo tomado na primeira sesión que tivera lugar.

d) O Pleno poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas adoptando as mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

e) O Pleno poderá avogar en calquera momento o coñecemento dun asunto determinado no ámbito das delegación efectuadas de conformidade co previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Sexto: Publicar o presente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios, na sede electrónica municipal e no portal de transparencia, non obstante, producirá efectos dende o día seguinte ao da súa adopción.

Frades, 3 de xuño de 2024

O Alcalde, Roberto Rey Martínez